

INFORMACIÓN POLA QUE SE RETOMA A TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS PARA INGRESAR POR QUENDA LIBRE EN DÚAS PRAZAS DA ESCALA TÉCNICA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Por mor da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspendéronse os prazos administrativos

O Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma, dispón no seu artigo 9:

Prazos administrativos suspendidos en virtude do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo. Con efectos dende o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos suspendidos retómanse, ou reiniciaránse, se así fóra previsto nunha norma con rango de lei aprobado durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas.

En consecuencia, dende o 1 de xuño de 2020, retómase o proceso das probas selectivas para ingresar por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia (Acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de xullo de 2019, BOPG 511, do 26 de xullo de 2019)

Téndose celebrado o primeiro exercizo do procedemento con data de 12 de marzo de 2020, e transcorrido un día dos tres hábiles dispostos para a presentación de reclamacións, conforme ao disposto no artigo 8.1 das bases desta convocatoria, infórmase que o prazo para presentación destas reclamacións estenderase ata o día 2 de xuño, incluído. As reclamacións presentadas o día 13 de marzo, coma no caso de terse presentadas durante o tempo de suspensión, teranse por presentadas dentro de prazo para a súa tramitación de conformidade coas respectivas Bases.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2020